

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019-2020

CEIP PLURILINGÜE PEPE DE XAN BAÑA

MATEMÁTICAS
2º EDUCACIÓN PRIMARIA

Táboa de contidos

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.....	2
2. Avaliación e cualificación.....	3
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre. (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación).....	4
4. Información e publicidade.....	4

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B1.2. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito.	MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas.	CMCT CAA
B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados	MTB2.1.3. Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes	CMCT CAA
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	CMCT
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas	MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.	CMCT CAA
B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.	CMCT CAA
B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida.	CMCT CAA
B4.3. Discriminar prismas, pirámides, conos, cilindros e esferas.	MTB4.3.1. Recoñece corpos con formas cúbicas e esféricas en obxectos do entorno inmediato.	CMCT CAA
B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais, gráficos de pictogramas... comunicando a información.	MTB5.1.1. Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas.	CMCT CAA

2. Avaliación e cualificación.	
Avaliación	Procedementos: terase en conta a elaboración diaria das tarefas propostas así como o interese por facelas ben.
	Instrumentos: un breve test semanal online creado con Google Forms para comprobar o desenvolvemento correcto do traballo semanal.
Cualificación final	Para a obtención da nota final do curso terase en conta o 1º trimestre cun 40%, o 2º trimestre cun 40% e o terceiro cun 20%. Así mesmo, por contemplar unha avaliación continua, no caso de ter un suspenso na 1ª avaliación e un aprobado na 2ª, considéranse acadados os mínimos necesarios para a promoción.
Proba extraordinaria de setembro:	Por aplicar un carácter de avaliación continua e que os contidos, obxectivos, estándares e competencias se poden traballar no vindeiro curso, non se concibe unha proba extraordinaria para setembro.
Criterios de avaliación:	<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración das tarefas propostas polo profesorado. - Completar o test/enquisa semanal online de avaliación sobre o traballado na semana. - Comunicación diaria e/ou semanal co titor para informar sobre os avances, dificultades ou problemas atopados á hora de levar a cabo o traballo proposto.
Criterios de cualificación:	60% elaboración de tarefas. 30% test/enquisa online. 10% informe/comunicación das familias co titor.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre. (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades:	Debido ó curso no que estamos, as actividades están centradas en mellorar o coñecemento numérico do alumnado, así como repasar nocións básicas xa adquiridas de conteo e resolución sinxela de problemas aplicando as operacións matemáticas que xa coñecen.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	Como todo o conxunto do alumnado ten un acceso mínimo a internet e ó ter enviados os libros para as casas antes do peche dos centros, semanalmente realízase o envío dun horario co traballo pautado para cada día. Neste esquema contéplase un traballo semellante ó que se podería levar a cabo nunha aula ordinaria, facilitando vídeos explicativos para unha mellor comprensión dos conceptos e unha proposta de tarefas adicionais máis lúdicas e amenas para complementar o traballo curricular levado a cabo.
Materiais e recursos:	<ul style="list-style-type: none"> - Libro de texto. - Enlaces a vídeos online de índole educativa meramente complementarios e aclaratorios. - Libreta ou folios para realización de determinadas tarefas complementarias ou modificadas das propostas no libro.

4. Información e publicidade.

Información ao alumnado e ás familias	As comunicación ás familias fanse vía Abalar móbil ao igual que se leva facendo dende o comezo do curso.
Publicidade	Este documento, igual que as tarefas semanais propostas para o alumnado estará colgado na páxina web do centro https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippepedexan/